

MEMORIA DE ACTIVIDADES - 2017

Lapis, cámara... acción! Obradoiro de iniciación á videopoesía.
Celia Parra



1. Obxectivos iniciais

Este obradoiro presentouse co obxectivo de proporcionar ferramentas e técnicas para fomentar a creación de videopoemas. Así, tentouse conseguir que cada participante, logo de aprender sobre o xénero e os seus procesos creativos, crease o seu propio videopoema como produto final do obradoiro.

Lonxe de aspirar á perfección técnica, animouse a empregar as ferramentas ao dispor de cadaquén (teléfono móbil, programas de edición gratuítos) e a concentrar o aprendido nun exercicio sinxelo e acotado. O importante era ter unha primeira toma de contacto coa videopoesía e os seus procesos, que valesen para practicar ou trasladar o aprendido con maior profundidade posteriormente.

2. O proceso

Repartíronse os contidos do obradoiro en 7 sesións. Nas sesións iniciais, os contidos dirixíronse de forma xeral ao alumnado. No groso das sesións, a atención foi individualizada tratando de acompañar e guiar o proceso creativo de cada persoa.

A **primeira sesión** foi de intercambio de experiencias arredor da videopoesía, e unha aproximación inicial teórica: orixes do xénero, tipoloxía de videopoemas e visionado de exemplos, creadores e creadoras máis representativos, festivais e bases de datos, ferramentas de creación online, videopoesía en Galicia... Para iso, empregouse a seguinte presentación:

http://prezi.com/wsq4in2cetlo/?_campaign=share&utm_medium=copy&rc=ex0share

Compartiuse o cronograma de sesións a seguir co alumnado, como folia de ruta, e explicouse a pertinencia do proceso.

Na **segunda sesión** explorouse o proceso creativo necesario para crear un videopoema, para o que se empregou a seguinte presentación:

http://prezi.com/aty--xvatb0i/?utm_campaign=share&utm_medium=copy&rc=ex0share

Esta explicación serviu como folia de ruta para organizar o traballo das vindeiras sesións: escolla e análise do texto, pensar en imaxes, sons e efectos, escritura do guión/escaleta, establecemento do plan de gravación, rodaxe, montaxe, posproducción e exportación do videopoema final.

Tamén se amosaron as infinitas posibilidades de creación de significados e ambientes da videopoesía, comentando dous videopoemas distintos sobre un mesmo texto poético. Fixéronse dous exercicios colectivos: análise completa do poema e proposta de creación dun videopoema a partir do mesmo. Repartíronse poemas para traballar nas seguintes sesións.

Dúas alumnas, en previsión de que terían que faltar a algunha das seguintes sesións, pediron seguir algunha clase vía email, se posible. Así o

fixemos, o convite quedou aberto para o resto de alumnado, aínda que ninguén máis o solicitou.

A **terceira sesión** comezou cun repaso dos contidos vistos na sesión anterior, para que o alumnado que non asistiu á anterior sesión (sen ter avisado previamente) puidese seguir o ritmo da clase.

Centrámonos despois no traballo co texto: análise e propostas de creación. Repartiuse unha plantilla coa esquematización dos elementos fundamentais para analizar un poema (suxeito, obxecto, temas, escenarios, protagonistas, ton...). Toda a clase analizou individualmente o mesmo poema, que despois comentamos en colectivo.

Partindo do mesmo poema, cada alumno/a comezou a elaborar unha proposta de traslación a videopoema, que despois comentamos tamén en colectivo. Para iso, repartiuse unha plantilla cos aspectos necesarios para pensarmos un videopoema (imaxe, son e efectos, música, tipo de montaxe, disposición do texto...). A través destes procesos individuais e colectivos de pensamento, fomos vendo distintos puntos de vista, posibilidades de creación, como imaxinamos cadaquén o mesmo texto...

A **cuarta sesión** enfocouse a afianzar o aprendido, repasar as propostas de creación de videopoema de cada alumno individualmente para encamiñar a gravación, e resolver dúbidas daqueles/as que faltaron nalgunha das sesións anteriores. Tamén, en función das súas necesidades, adaptouse o contido das seguintes sesións.

Introduciuse unha breve pero necesaria explicación sobre dereitos de autor, para sentar as bases dun uso correcto dos materiais dispoñibles na rede en función de cada caso. Para iso empregouse a seguinte presentación: https://prezi.com/c2ckraju_fyv/dereitos-de-autor/

Volvéronse explorar os recursos dispoñibles para a creación e repasáronse consellos de rodaxe, animando ao traballo individual fóra da aula para a seguinte sesión: gravar as primeiras imaxes e son para o videopoema de cada un.

Durante a **quinta sesión** déronse nocións básicas de montaxe. Empregouse un sinxelo software que se instalou previamente nos ordenadores da aula, VideoPad, pensado para satisfacer as necesidades dos proxectos que o alumnado presentou. Non puido instalarse un programa máis intuitivo por problemas de instalación en rede cos ordenadores da aula, malia recibir toda a asistencia precisa por parte do equipo do Ágora.

Levou-se a cabo a montaxe guiada individual dun pequeno clip de vídeo. Como poucos alumnos traían as súas imaxes, por complicacións e por despistes, continuamos afianzando o manexo do programa con varios exercicios.

Ao detectar que existían nunha parte alumnado algunhas dificultades para o manexo básico do propio ordenador, baixouse o ritmo para adaptar a ensinanza do programa de edición a un nivel o máis básico posible e así facilitar a aprendizaxe. No caso dunha persoa que xa tiña nivel medio-alto de edición, realizouse un seguimento específico complementario para que tamén puidese avanzar.

Comentáronse tamén as dificultades e descubertas que foron atopando no proceso de gravación, e déronse consellos ó respecto.

A **sexta sesión** foi enteiramente de montaxe. Xa traballando cadaquén no seu propio videopoema, adaptouse o ritmo e as explicacións ás necesidades específicas de cada alumno/a. Dúas persoas presentaron un exercicio xa moi avanzado de montaxe, e varios exemplos de prácticas de uso do programa con material propio, que completarían na casa ao non poderen asistir á última sesión.

A **sétima sesión** adicouse a rematar o máis posible a montaxe. O alumnado asistente conseguiu poñer en conxunto imaxes, versos e música e adaptar o resultado á súa intencionalidade inicial, aínda que non quedase totalmente rematado. Parte do alumnado non asistente enviará por email os seus videopoemas rematados para recibir unha valoración persoal.

3. Os resultados

Conseguiuse acadar unha comprensión do xénero da videopoesía e do proceso necesario para facermos videopoemas. Tamén un manexo básico do programa de edición, que moitos alumnos/as confirmaron que seguirán empregando de xeito persoal, para a docencia, etc. En xeral, houbo interese por aprender do proceso e facer videopoemas. A nivel xeral púidose traballar ben cos alumnos/as interesadas, e houbo unha resposta positiva.

A Coruña, Novembro 2017
Celia Parra